

**NOTA DE PRENSA 094/23
03 DE NOVIEMBRE DE 2023**

**TABOADA MARCA O PUNTO FINAL A TEMPADA DE MONTAÑA EN GALICIA
CON 50 EQUIPOS NA LIÑA DE SAÍDA**

Taboada acolle esta fin de semana (4 e 5 de novembro) a séptima e derradeira proba puntuable do Campionato Galego de Montaña, nun evento que retorna ao calendario autonómico logo de 17 anos de ausencia.

A proba lucense, que terá un percorrido renovado na súa zona inicial alongando a quilometraxe, contará cun variado elenco de inscritos entre os que destacan Jacobo Senín, Alfonso “Pisko” Ventín ou Pablo Rey, entre os non carrozados, e nomes tan interesantes como Javier Ferrero, Juan Carballo, José Vasques ou Víctor Quiroga, que procurarán o triunfo entre os vehículos carrozados.

Na categoría de regularidade, catro equipos inscritos, nunca modalidade con sempre interese e igualdade.

O programa horario inclúe unhas verificacións opcionais na tarde do venres (19:00 a 21:00 horas) mentres que para o sábado serán entre as 08:15 e as 12:00 horas da mañá.

A primeira manga de adestramentos comezará as 13:30 horas, coa primeira e segunda ascensión oficial marcadas para as 15:30 e as 17:30 horas, respectivamente.

Para a xornada do domingo, tres novas mangas. A primeira de adestramentos comezará as 09:00 horas. As dúas ascensións restantes serán as 11:00 e as 13:00 horas, respectivamente.

A entrega de premios será na Praza Riazón ás 14:30 horas.